

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 43046 (10/POC-006789)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David
Sobre as razóns polas que Galicia non conta cunha marca de garantía para a horta galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.2 43154 (10/POC-006819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e porcos polo virus da peste porcina africana, así como as súas intencións referidas á realización dalgunha campaña informativa respecto desta praga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.3 49705 (10/POC-007855)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas por este, as súas razóns para discriminar ese concello na distribución de medios para ese fin, así como as medidas que vai adoptar para dotar de vehículos motobomba aqueles concellos que os demandan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 44499 (10/PNC-003570)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a realización de xestións por parte do Goberno galego diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coa necesidade de protexer o sector produtor alimentario mediante a modificación da Lei da cadea alimentaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

- 2.2 47728 (10/PNC-003858)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Rodríguez Estévez, David e 3 máis
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
 coa incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na
 poboación do xabaril en Galicia
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019
- 2.3 51439 (10/PNC-004114)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas
 que debe realizar ao Goberno central e á Federación Galega de Municipios
 e Provincias en relación co uso de herbicidas derivados do glifosato
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Carlos Gómez Salgado	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	M
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 43046(10/POC-006789)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre as razóns polas que Galicia non conta cunha marca de garantía para a horta galega

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:47:40
Nº Rexistro: 43046
Data envío: 10/01/2019 13:47:40.863



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

En setembro de 2017 a Conselleira de Medio Rural anunciaba por enésima vez a creación dunha marca galega de garantía para o sector hortícola.

Dicimos por enésima vez porque dende o 2009 non deixou de haber anuncios pero ningunha realidade.

Na páxina web da Consellería de Medio Rural dise que “a Consellería do Medio Rural ten prevista unha estratexia de implantación de marca de calidade para a produción hortícola de Galicia. A existencia dun produto potencialmente diferenciado que lle achegue un valor engadido ao consumidor, que cômpre protexer e rendibiliñas, é un dos argumentos para a consecución desta marca de calidade en proceso de elaboración.

Con esta etiquetaxe identificadora, perséguese buscar un consumidor que permita asentar a produción no mercado, que localice no punto de venda unha imaxe común da horta galega, tanto para garantir a orixe como a calidade. Esta etiqueta demostrará a certificación do cumprimento das especificacións recollidas no regulamento que se atopa en proceso de elaboración, cunha participación directa do sector hortofrutícola.

CSM - REXISTRO-2a.CDx/EU-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





Esta marca de calidade estará sustentada nun regulamento especificamente creado contra o que se certificarán os produtos de horta galega, para ser identificados cunha contraetiqueta rexistrada como marca de garantía que complementará a propia marca da empresa produtora.

Será unha marca de garantía como sistema de identificación dos produtos que subliñarán a natureza hortícola da produción amparada, potenciando os cultivos ao aire libre e as hortalizas de inverno, de carácter máis específico, local e diferenciado en Galicia.

Dende a Consellería do Medio Rural búscase a participación directa do sector hortofrutícola neste proceso de consecución da marca de calidade, que vai permitir a diferenciación destes produtos galegos e contribuír a manter o sabor orixinal ligado ao territorio, como unha forma de preservar a nosa identidade agraria e cultural.”

Contrasta o elevado número de bondades descritas pola Consellería sobre a marca de garantía hortícola coa parálise produto da inacción e inoperancia da administración autonómica.

Cando chegou o PP ao Goberno galego xa se contaba cun borrador de regulamento feito dun xeito participado do sector.

O sector hortícola, que carece de políticas públicas de promoción e fomento dignas, é un sector cun enorme potencial no nos país.

Para desenvolver dito potencial precisa de políticas de acceso á terra, formación, asesoramento, financiamento e apoio para a comercialización dos produtos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:47:40
Nº Registro: 43046
Data envío: 10/01/2019 13:47:40.863



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Pregunta en Comisión:

- Cales son as razóns para que despois de 10 anos de goberno Galiza non conte cunha marca de garantía para a horta galega?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodriguez Estévez

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/01/2019 13:43:51

David Rodríguez Estévez na data 10/01/2019 13:43:57

CSX REGISTRO-2:uCoXfEILU-0
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43154(10/POC-006819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e porcos polo virus da peste porcina africana, así como as súas intencións referidas á realización dalgunha campaña informativa respecto desta praga

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O virus da peste porcina africana (PPA) é un dos máis complexos que existen, e posúe unha gran variabilidade xenética. Ao contrario do que adoita pensarse non é de doada transmisión, pero si extremadamente resistente, por exemplo, en sangue e feces.

En España a última vez que entrou foi en 1960 e erradicouse en 1995, dándose algúns focos no 2001 e 2002 nalgunhas provincias. Con todo, en países do centro e do leste de Europa como Bielorrusia, Estonia, Polonia, Eslovenia e, recentemente, Bélxica, esta peste mantense activa desde 2005 en poboacións de xabarís silvestres e é por iso que algúns gobernos están a levar a cabo programas de vacinación.

Actualmente, China leva 10 provincias infectadas polo que agora o país máis preocupado é EEUU onde están a poñer en marcha numerosas medidas (xa que importan moito desde o país asiático).

En España, o labor excelente por parte do Ministerio de Agricultura confiando nos científicos especialistas foi fundamental para a súa erradicación. Ademais, dese brote aprendéronse moitas cousas que serviron para que agora o noso sector porcino se modernizase e estea nos primeiros postos en canto á bioseguridade, benestar animal e seguridade alimentaria en Europa e no mundo.

A xa de por si elevada concentración de xabarís en Europa, España e Galicia aínda experimentou un crecemento nos últimos anos. Este é un dos factores que provocaron o último brote en Europa xa que, aínda que estea prohibido o traslado de xabarís entre países, é imposible controlar o movemento dos animais.

A pesar de que na actualidade non existe unha vacina 100 % eficaz, si que se prevé que a haxa en dous anos aproximadamente, segundo os científicos, razón pola que é necesario tomar medidas para evitar que os xabarís da península non se infecten.

A bioseguridade álzase así como a ferramenta máis eficaz que temos para combater as posibles infeccións e é por iso que hai que tratar de ser previsoires e





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 09:30:00
Nº Registro: 43154
Data envío: 11/01/2019 14:00:57.983

estar preparados por se acaso, xa que, Galicia, ao ser unha gran produtora porcina, tería moito que perder.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas preventivas está a tomar a Xunta de Galicia para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e os porcos?

2ª) Ten o Goberno galego un censo actualizado do número de xabarís que hai en Galicia, se fora o caso, cantos xabarís hai en Galicia, delimitados por provincias?

3ª) Ten previsto adoptar algunha campaña informativa relativa a esta praga que se está estendendo por Europa?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/01/2019 13:55:38

Raúl Fernández Fernández na data 11/01/2019 13:56:00



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 49705(10/POC-007855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas por este, as súas razóns para discriminar ese concello na distribución de medios para ese fin, así como as medidas que vai adoptar para dotar de vehículos motobomba aqueles concellos que os demandan

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 17:25:07
Nº Rexistro: 49705
Data envío: 08/05/2019 17:25:07.486

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Na actualidade a loita contra o lume é unha das tarefas de maior responsabilidade e complicación na que teñen que colaborar todas as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galiza pola súa capacidade económica e os concellos por seren o organismo máis achegado á cidadanía e mellor coñecedor do seu propio territorio así como responsábel dunha parte importante do dispositivo de prevención e extinción.

Se ben os concellos galegos teñen a responsabilidade de exercer as súas competencias en materia de prevención e extinción de incendios, é fundamental que para facelo teñan dispoñíbeis os medios adecuados, para o que a Xunta debe dotalos en aras das súas responsabilidades legais e máis aínda tendo en conta as limitacións orzamentarias e de gasto que teñen as entidades locais.

Por iso, resulta sorprendente que a Consellería de Medio Rural continúe negando ao concello da Rúa a cesión dunha motobomba para a loita contra os incendios malia o concello ter solicitado reiteradamente a continuidade do convenio de motobomba que se estendera durante 17 anos.

CSM-REXISTRO04hKYCH7fb7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 17:25:07
Nº Rexistro: 49705
Data envío: 08/05/2019 17:25:07.486

O 26 de maio de 2018 o BNG acadaba por unanimidade un acordo na Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes. Porén, a día de hoxe continúa incumprido malia que no verán de 2018 a Xunta de Galiza seguiu adxudicando medios a diferentes concellos sen clarificar cales eran os seus criterios de distribución. Esta situación é de todo punto de vista inaceptábel e por estes motivos o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7.^a:

-Ten pensado o goberno galego cumprir coa súa palabra e dotar o concello da Rúa dunha motobomba coas características solicitadas por esta administración local?

-Considera o goberno galego que cumpre cos seus propios obxectivos nas actuacións levadas a cabo para a dotación de recursos do distrito XIII?

-Cales son as razóns do goberno galego para discriminar o concello da Rúa no reparto de medios para a loita contra o lume?

-Por que, malia ser un concello pertencente a un dos distritos con máis risco de incendio, o goberno galego non leva a cabo as actuacións precisas para reforzalo cunha motobomba?

-Considera o goberno galego que non é prioritario que o segundo concello máis poboado do distrito XIII dispoña dunha motobomba de reforzo?

CSX4 REXISTRO4mKYdH7867
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 17:25:07
Nº Rexistro: 49705
Data envío: 08/05/2019 17:25:07.486

-Cales foron as motivacións para que o goberno galego inicialmente aducira que non habería vehículos motobomba para os concellos e que despois non se estenderan a aqueles que os demandaban?

-Que medidas vai adoptar o goberno galego para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 16:54:32

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 16:54:37

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 16:54:38

CSV REXISTRO: FRO4mKYd7267
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 17:25:07
Nº Registro: 49705
Data envío: 08/05/2019 17:25:07.486

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 16:54:39

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 16:54:42

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 16:54:43

CSX4_FEXYSTFR04nKYd7867
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 44499(10/PNC-003570)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a realización de xestións por parte do Goberno galego diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coa necesidade de protexer o sector produtor alimentario mediante a modificación da Lei da cadea alimentaria

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 12:37:55
Nº Rexistro: 44499
Data envío: 24/01/2019 12:37:55.833

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A “*Ley de la cadena alimentaria*” supuxo un gran avance nas relacións entre os distintos elos da cadea de comercialización xa que estableceu un marco de actuación para eles. A súa aplicación e desenvolvemento corresponde á *Agencia de Información y Control Alimentaria* (AICA), responsable tamén de comprobar o seu cumprimento, vixiando as relacións entre os operadores da cadea alimentaria e de impoñer sancións no caso de que non sexa así.

A regulación relativa á “venta a perdas” está recollida na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista. O artigo 14 de esta lei regulaba a venda, o cal foi declarado incompatible coa Directiva 2005/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2005, sobre prácticas desleais das empresas aos consumidores no mercado interior por unha sentenza do Tribunal de Xustiza da UE.

Esta declaración de incompatibilidade fixo necesaria a súa modificación, o que se realizou mediante o Real Decreto Lei 20/2018, de medidas urxentes para o impulso da actividade económica no sector da industria e do comercio que ven de ser publicado no BOE do pasado día 8 de decembro.

O certo é que a nova normativa regula a prohibición da venda a perdas na lexislación española, no caso de determinadas prácticas, se se consideran desleais, pero con esta modificación entendemos que se dá maior liberdade para decidir o prezo de venda.

Esta situación preocupa ao sector produtor, xa que imposibilita continuar a loitar contra o uso de determinados produtos alimentarios como reclamo nas cadeas de supermercados.

Unha denuncia reiterada de cooperativas e organizacións agrarias que suscitaron unha boa parte das inspeccións levadas a cabo pola Administración galega.

CSM-REXISTRO-ndfCX096x-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2019 12:37:55
Nº Registro: 44499
Data envío: 24/01/2019 12:37:55.833

No que todos coinciden é en que esta nova norma xera aínda máis complexidade, subxectividade e arbitrariedade, volvéndose inútil na práctica para protexer ó sector produtor, quen se quedou fora do ámbito desta normativa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a necesidade de protexer ao sector produtor alimentario coa oportuna modificación da Ley de la Cadena Alimentaria, tal e como demandou o dito sector”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2019 12:36:19

Moisés Blanco Paradelo na data 24/01/2019 12:36:28

Jesús Miguel Prado Patiño na data 24/01/2019 12:36:34

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2019 12:36:42

Carlos Gómez Salgado na data 24/01/2019 12:36:49

Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 12:36:56

Daniel Vega Pérez na data 24/01/2019 12:37:03

Rosa Oubiña Solla na data 24/01/2019 12:37:09



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 47728(10/PNC-003858)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril en Galicia

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:10:19
Nº Rexistro: 47728
Data envío: 13/03/2019 18:10:19.776



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de EN MAREA, a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre a incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril.

Exposición de motivos

A tuberculose é unha enfermidade que afectou no ano 2014 a preto de 5.000 persoas inda que as persoas coa inmunidade comprometida son máis propensas a sufrila.

A tuberculose é unha enfermidade crónica causada pola infección do complexo “*Mycobacterium tuberculosis*”, endémico no xabaril e no cervo. A tuberculose causa unha de cada tres mortes no caso do xabaril que actúa como reservorio da mesma xunto cos cérvidos.

Estudos realizados confirman o nivel de prevalencia da tuberculose no 60% na especie do xabaril. Algún destes estudos realizados en Galicia datan do ano 2008 co que se fai necesario realizar un censo e un estudo epidemiolóxico con data do ano 2019, que estude tanto a incidencia da tuberculose como outras enfermidades nas que algunhas das variables estudadas foron o incremento da enfermidade debido ao incremento da especie, maior bolsa de caza debido a unha abundancia na poboación, xa que esta garda estrita relación coas altas taxas de infección por tuberculose. A caza pois, é unha ferramenta de xestión sanitaria útil nestes caso, pois permite a extracción de exemplares enfermos.





Outros avances producíronse no coñecemento da epidemioloxía da enfermidade e frear o avance en especies especialmente corzo e xabaril realizados por institutos de investigación.

A tuberculose gañou importancia e gravidade polo crecemento das poboacións do mesmo no xabaril nestas últimas décadas. O control da poboación, un censo que nos diga cantos exemplares hai e un estudo sobre a enfermidade da tuberculose é necesario, tamén para frear a transmisión a outras especies.

Ademais outros factores que inciden no incremento da densidade de poboación xabaril afectada pola tuberculose, son as agregación espacial nas fontes e pozas de alimentación e auga, o contacto con outras especies, como as vacas en extensivo, e que os xabarís son carroñeiros, o que contribúe a estender a enfermidade.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a :

1. Realizar un censo da poboación do xabaril en Galicia.
2. Realizar un estudo epidemiolóxico sobre a incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril.
3. Estremar as medidas para que a incidencia da tuberculose do xabaril non comprometa a outros animais, nomeadamente vacas e animais en extensivo, analizando todos os animais procedentes das batidas.
4. Realizar extraccións daqueles animais máis vellos afectados pola enfermidade e que comprometen a colonia de xabarís.

Santiago de Compostela a 13 de marzo de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:10:19
Nº Rexistro: 47728
Data envío: 13/03/2019 18:10:19.776



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/03/2019 17:58:13

Antón Sánchez García na data 13/03/2019 17:58:23

Luis Villares Naveira na data 13/03/2019 17:58:38

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2019 17:58:45

CSX: 6181Y51W0
Verificado:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 51439(10/PNC-004114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Federación Galega de Municipios e Provincias en relación co uso de herbicidas derivados do glifosato

Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 51439
Data envío: 12/06/2019 18:54:53.153

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

Un ano máis, coa chegada da primavera, as chuvias e a vizosidade dos nosos solos e os climas que nos caracterizan, fan que á beira das estradas galegas aparezan as herbas e arbustos que se disparan no seu crecemento facendo os cruzamentos e as vías en xeral máis perigosos pola redución da visibilidade que provocan e polo risco na propagación dos lumes.

Hai administracións e institucións que en vez de remedios mecánicos ó problema, botan man dos herbicidas regando sen as precaucións debidas para viandantes, público en xeral e traballadores/as que os aplican, as beiras das estradas.

O uso de herbicidas químicos ten riscos moi serios. Os últimos estudos sobre o glifosato, compoñente da maior parte dos herbicidas, falan da súa toxicidade para a saúde humana e para o medio ambiente.

Estes herbicidas totais non selectivos infiltranse no solo, son moi solubles na auga e persistentes na súa permanencia no solo. Contaminan os acuíferos, son tóxicos para a fauna acuática, os animais domésticos ou o gando e esparéxense sen control polo subsolo.

CSM-REXISTRO1046mWwoz6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 13/06/2019 09:30:00

Nº Rexistro: 51439

Data envío: 12/06/2019 18:54:53.153

Recentemente a International Agency for Research on Cancer pertencente á OMS incluíu como probables carcinóxenos a unha serie de pesticidas organofosfatados, entres eles o glifosato sendo recente a sentenza que condena a Monsanto a unha indemnización millonaria a un matrimonio estadounidense afectado de cancro e que manipularon glifosato durante un período longo da súa vida.

A Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro de 2009, no seu capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: “Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimice ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo de estradas, nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerábeis, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogos e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria.”

O Real Decreto 1311/2012, establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, e ten por obxecto a redución de riscos e os efectos do seu uso na saúde humana e o medio, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como métodos non químicos. Contempla que as súas disposicións “entenderanse sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas.”

Tomando como referencia a Directiva marco para uso sostible dos praguicidas xa mentada e tamén o Real Decreto 1311/2012 que expresan a vontade favorable a que non se autorice o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos e de

CSV REXISTRO: R01KmWwogz8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 51439
Data envío: 12/06/2019 18:54:53.153

substituílos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Abandonar de inmediato o uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da súa rede viaria tanto cando as realice con medios propios coma cando sexa mediante contrato de servizos ou concesión.

- Instar ao Goberno do Estado ao abandono inmediato o uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da súa rede viaria en Galicia tanto cando as realice con medios propios como cando sexa mediante contrato de servizos ou concesión.

- Dirixirse á FEGAMP para solicitarlle que os concellos e deputacións provinciais galegas adopten a medida de excluír o uso de herbicidas derivados de glifosato en todos os seus tratamentos para a erradicación de herbas e arbustos.

- Realizar unha campaña de información e sensibilización dirixida a colectivos, entidades sociais, veciñais para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

CSX, REXISTRO: FROK4mWwogz8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 09:30:00
Nº Registro: 51439
Data envío: 12/06/2019 18:54:53.153

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2019 18:36:03

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2019 18:36:11

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2019 18:36:47

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2019 18:37:10

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2019 18:37:21

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2019 18:37:31

CSX: FEYXJSTROk4mWwogz8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

